



FRADES

PATRIMONIO

Nunha das estremas da comarca de Ordes, lindando xa coas terras de Arzúa, aparece o concello de Frades: unha sucesión de prados verdes e pequenas masas boscosas que dan fe dunha suxestiva paisaxe e do potente sector agrogandeiro que move súa economía. As doce parroquias que o conforman (Abellá, Aiazo, Añá, Céltigos, Frades, Gafoi, Galegos, Ledoira, Mesos, Moar, Papucín e Vitre) suman algo máis de 81 quilómetros cadrados de extensión e unha chea de razóns para detérmolos no seu patrimonio.

As primeiras pegadas humanas por estas terras lévanos ata o Neolítico. Na parroquia de Aiazo atópanse os restos dun extraordinario dolmen do que hoxe só se conservan os esteos que formaron o monumento funerario. Mais tamén podemos rastrexar no concello a importancia que tivo aquí a cultura castrexa. O **castro de Añá de Meus** e o **castro redondo de Mesos** son unha boa mostra por seren os mellor conservados.

Relixioso



Templos parroquiais, ermidas, casas reitorais e cruceiros aparecen a cada pouco pola paisaxe, dando conta do poder e predicamento que tivo aquí a relixión católica. Todas e cada unha das doce igrexas parroquiais teñen o encanto da sinxeleza, dunha arquitectura incardinada sen estridencias no medio natural. Ben merece unha visita demorada a de **Santa Mariña de Gafoi**, con mestura de elementos románicos claros como é a súa porta principal e tamén doutros de épocas posteriores (barrocos). Tamén debemos destacar a importancia histórica dos templos de **San Xuilán de Céltigos** e **San Martiño de Galegos**.

Mais cómpre non esquecer que aquí tamén hai un rico patrimonio relixioso en forma de ermidas. Hainas como a da **Nosa Señora das Virtudes**, en Vitre, que seguen convocando cada ano multitude de romeiros chegados de todo o concello e doutros municipios próximos. Outras como é o caso da **capela de San Nicolao**, na propia parroquia de San Martiño de Frades, destaca pola fermosa carballeira que a rodea e polas vistas panorámicas da que o viaxeiro pode gozar nas súas inmediacións.

Na parroquia de Santaia de Moar atopamos, tamén rodeada por unha carballeira, a maxestosa **capela de San Roque**. Posúe unha planta rectangular cunha soa



nave, pero composta por tres corpos a diferente altura, o que produce un chamativo xogo de volumes. Outras paradas recomendadas para o viaxeiro son a **capela de San Paio**, en Añá; a da **Madanela**, en Frades; e a de **Augasantas**, en Céltigos.

Civil

A arquitectura civil fradense é doada de rastrexar a través de casas grandes, como é o caso da **Casa de Botana**, en Cimadevila; ...e sobre todo nos seus pazos. O **Pazo do Peñasco**, construído nos límites entre os concellos de Ordes e Frades, remóntase ata o século XVII. O seu escudo está timbrado coa cruz de Malta e catro cuarteis: o «M» dos Montenegro, os escasques dos Bermúdez, a cabeza de lobo dos Moscoso e un castelo.



Por último, non podemos deixar fóra desta guía o **Pazo de Galegos**, unha casa señorial que foi un referente durante séculos nestas terras. Como proba da súa importancia aínda é posible ver unha inscrición que conmemora que a raíña Mariana de Neoburgo, segunda esposa de Carlos II, durmiu nunha das súas estancias alá polo ano 1690. Hoxe pertence a unha orde relixiosa, pero ao longo dos séculos foi segunda residencia de diversos persoeiros, entre eles o célebre avogado e xornalista Aureliano Linares Rivas (1841-1903), un nome clave na política española do seu tempo, que chegaría a ser ministro e presidente do Consello de Estado.

A NATUREZA EN ESCENA

A natureza é a protagonista absoluta de Frades. Xa contamos que este é un concello de vocación agrogandeira e cunha dedicación especial á produción leiteira. Por iso o viaxeiro atopará aquí terras labradas, onde a pegada respectuosa do ser humano é visible a cada pouco. A pé ou en coche, comprobaremos a sucesión de prados, con todos os matices posibles que pode ter a cor verde.



As áreas recreativas fluviais son un magnífico xeito de comprobar a riqueza natural deste concello. Hai tres especialmente significativas: A dos **Pasos**, na parroquia de Aiazo; **A Presa**, en Ponte Carreira; e **Ponte Carballa**, en Abellá. Ás beiras do río Tambre, do Samo e do máis humilde río Gaiteiro estes tres espazos combinan masas acuáticas, praias fluviais, sendeiros, zonas de merenda e carballeiras inesquecibles.



Mais o patrimonio natural aparece a cada pouco en cada recuncho destas terras. Ben merece unha visita a **Fraga do Petón**, na parroquia de Galegos, e tamén a chamada zona do **Muíño de Céltigos**, unha construción civil cabo do río Maruzo, e **A Gaiteira**, na parroquia de Frades

Unha instalación moito máis moderna e destinada ao lecer de veciños e visitantes é **a área de Papucín**. Nun fermoso entorno natural atopamos unha piscina para adultos, outra para os máis pequenos, pista de pádel, aparcadoiro, un parque e un fermoso paseo para os sendeiristas.



GASTRONOMÍA

A local, como non podía ser doutro xeito, é unha coctura sinxela, apegada a un sector primario de calidade sobresaínte. Os produtos agrarios e gandeiros son o sinal de identidade da gastronomía fradense. O viaxeiro pode encontrar aquí as viandas máis frescas das hortas locais e tamén extraordinarias carnes de vacún e lácteos. É ben lembrar que estas terras de Frades forman parte por dereito propio da Denominación de Orixe do Queixo Arzúa-Ulloa. A todo isto debemos sumar a caza e a pesca fluvial, con tan longa tradición nestas fermosas paraxes do interior coruñés.



Non poden faltar as festas gastronómicas, nas que a veciñanza rende culto a comidas que levan séculos nas mesas das casas. Así, cada domingo de Ramos ten lugar en Aiazo a **Festa da Merenda**, onde se exalta esta tortilla popular de masa e torricos. No mes de marzo, a capital gastronómica está en Abellá. Nesta parroquia celébrase a **Festa da Filla e da Cachucha**.

SALA ETNOGRÁFICA DE FRADES

Dende mediados do século XX, o campo galego viu unha auténtica revolución tecnolóxica e social. Porén, é imposible explicar a Galicia actual sen a súa milenaria cultura campesiña. Orgullosos do seu corazón agrario, neste concello contan cunha **Sala Etnográfica** a través da cal o visitante pode ver como era a vida noutros tempos. O espazo quere ser “unha homenaxe ás mulleres e homes de Frades que fixeron posible esa superación, e, en xeral a tantas xeracións de galegos e galegas aos que lles debemos o noso actual benestar.” O recinto reúne utensilios que foron quedando en desuso, tanto de traballo coma do fogar. O viaxeiro pode visitar esta exposición no edificio multiúsos, todos os días laborais en horario de mañá, ou noutros horarios con cita previa.



MAPA TERRITORIAL FRADES





Asociación de Desenvolvemento
Comarca de Ordes

Somos unha entidade sen fin de lucro, integrada por un conxunto representativo das institucións e dos axentes económicos da Comarca de Ordes.

A Asociación nace no ano 2001 coa finalidade de xestionar iniciativas e programas de Desenvolvemento Rural, sendo seleccionada para a xestión da Iniciativa Comunitaria Leader + e como entidade colaboradora de AGADER na xestión do Programa Leader 2007-2013. Actualmente xestionamos, como entidade colaboradora de AGADER, a medida LEADER do PDR de Galicia 20014-2020 na Comarca de Ordes.

A Asociación de Desenvolvemento “Comarca de Ordes” está integrada por un número ilimitado de socios, que deberán ser entidades de carácter público ou privado, con implantación local representativas dos colectivos existentes no territorio debendo ter tamén un carácter equilibrado e representativo no plano territorial. Non poderán formar parte da asociación as persoas físicas e as sociedades mercantís, excepto as seguintes entidades de economía social: cooperativas, sociedades agrarias de transformación e sociedades laborais. Rexerá o principio de portas abertas, de xeito que se garanta permanentemente a incorporación de asociados e se potencia o equilibrio territorial mediante a representación que aporten os asociados.

A participación dos socios do sector público e representantes políticos nos órganos de dirección da Asociación será inferior, en todo caso ó 50% da porcentaxe de votos dos devanditos órganos.

O NOSO TERRITORIO

A Comarca de Ordes é unha comarca natural formado por sete concellos (Cerceda, Frades, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo) con identidade propia e sentimento comarcal moi definido.




QR

Amplía a información
de ASDECOMOR
e da Comarca de
Ordes



SIMBOLOXÍA

	Camión Inglés		Museo		Monte		Arte urbana		Paseo / fluvial
	Igrexa		Dolmen		Paraxe natural ceña - braña		Parque acuático		Castelo
	Hermida - Capela		Castro		Xardín Botánico		Rio - lago		Albergue
	Cruceiro		Piscina		Área recreativa		Férveda		Complexo Turístico Casa Rural
	Pazo		Tren		Vista panorámica		Muiño		



- Vía estatal
- Autoestrada- Autovía
- Primaria básica
- Secundaria
- Primaria complementaria
- Deputación e outras estradas
- Camión Inglés
- Ferrocarril